



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Estancias Clínicas V	Código	661G01029	
Titulación	Grao en Enfermería			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos	Ter superadas as Estancias Clínicas I, II,III para poder cursar esta materia.			
Departamento				
Coordinación	Souto Fernández, Estela	Correo electrónico	estela.souto@udc.es	
Profesorado	Souto Fernández, Estela	Correo electrónico	estela.souto@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estas estadias clínicas correspóndense a un nivel intermedio da aprendizaxe práctica tutelada do estudante, tendo como finalidade integrar os coñecementos e habilidades adquiridos na materia Enfermería Clínica I, II, III. Están dirixidas á incorporación dos alumnos no ámbito dos coidados críticos, de xeito que lles permita comprender, diagnósticar e participar no deseño e desenvolvemento dun plano de coidados nas persoas en situación crítica de saúde, e desenvolver habilidades de comunicación efectiva cos doentes, familias e equipo.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A62	Integrar os coñecementos, as habilidades e actitudes da enfermaría para dar a atención ás persoas nas diferentes situacións de saúde, baseados nos principios e valores profesionais, competencias de comunicación asistencial, razoamento clínico, xestión clínica e xuízo crítico asociados ás competencias descritas nos obxectivos xerais e as materias que conforman o título, en forma de rotatorio clínico independente e con avaliación final de competencias; nos Centros de Saúde, Hospitais e outros centros asistenciais.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B5	Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo.
B8	Capacidade de análise e sínteses.
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
B10	Capacidade para adaptarse ás situacións novas.
B11	Capacidade e habilidade de xestión da información.
B12	Capacidade para organizar e planificar.
B13	Toma de decisións.
B14	Habilidades interpersonais.
B15	Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.
B16	Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.
B19	Coñecementos de informática relativos ao ambiente de estudio.
B20	Sensibilidade cara a temas medioambientais.
B22	Capacidade para motivarse e motivar a outros.
B24	Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.



C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C10	CB2.- Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C11	CB3.- Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C12	CB4.- Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Cooperar colaborar co equipo asistencial sanitario das unidades coidados criticos.	A62	B3 B5 B6 B7 B8 B9	C1 C3 C12
Desenvolver estratexias de comunicación efectiva coas persoas ingresadas nas unidades de coidados críticos e as súas familias.	A62	B3 B5 B6 B7 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B22 B24	C1 C3 C4 C10 C12
Aplicar o proceso de atención de enfermaría integrando os coñecementos dos problemas de saúde das persoas adultas en situación crítica. Colaborar e/o executar con habilidade as intervencións de enfermaría garantindo a seguridade.	A62	B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24	C1 C3 C4 C7 C11



Actuar segundo os principios éticos y legáis que guían a profesión.	A62	B5 B6 B7 B9 B10 B13 B14 B15 B16 B24	C1 C4 C7 C11
---	-----	--	-----------------------

Contidos	
Temas	Subtemas
Prácticas clínicas tuteladas, realizadas en unidades hospitalarias de atención as persoas adultas en situación crítica.	Permiten ao estudante integrar os coñecementos teóricos e as habilidades adquiridas; así como comprender, diagnosticar os problemas de saúde, deseñar un plan de coidados e desenvolvelo tendo en conta a situación específica de saúde .

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Prácticas clínicas	A62 B24 B22 B20 B19 B16 B15 B14 B13 B12 B11 B10 B9 B8 B7 B6 B5 B3 B1 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	120	0	120
Solución de problemas	A62 B1 B3 B5 B8 B9 B11 B12 B13 B15 B16 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	2	20	22
Presentación oral	C1 C3 C12	0	3	3
Actividades iniciais	A62	1	0	1
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas clínicas	<p>Actividade formativa que se desenvolve no 1º cuadrimestre do cuarto curso, tendo como finalidade capacitar aos estudantes para identificar os problemas de saúde das persoas en situación crítica, e colaborar na planificación, execución e avaliación dos coidados aplicados a ditas persoas e as súas familias.</p> <p>Os rotatorios clínicos realizaranse no Hospital A Coruña.</p> <p>As prácticas realizaranse en quendas rotatorias de mañá e tarde</p>



Solución de problemas	<p>Actividade encamiñada a promover a aprendizaxe autónoma do estudante. O estudante poderá elixir entre:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Describir e analizar un protocolo, técnica ou procedemento de enfermaría específico das unidades de críticos (previa validación pola profesora responsable da materia) - Describir e analizar o caso dun paciente da unidade onde se está a rotar, identificando o problema principal, os resultados a medir e as intervencións a realizar para mellorar os resultados (previa validación pola profesora responsable da materia) <p>A asistencia será obrigatoria</p>
Presentación oral	Actividade na que o estudante realizará a exposición verbal a outros estudantes e ó profesor, do protocolo, técnica, procedemento ou caso clínico desenvolto, tendo que facer as aclaracións oportunas ás cuestións que xurdan tras a exposición.
Actividades iniciais	Actividade obrigatoria que se leva a cabo nun aula antes de iniciar as prácticas clínicas. Nela explicanse pormenorizadamente as competencias que debe adquirir o alumno nesta asignatura, a forma de avaliación da mesma, e aspectos organizacionais e de regulamento relevantes para o bo desenvolvemento das prácticas clínicas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas clínicas Solución de problemas	<p>A atención personalizada relacionada coas Prácticas clínicas ten como finalidade atender as consultas dos estudantes relacionadas co seguimento e avaliación dos coñecementos, actitudes, valores e habilidades que o estudante debe acadar. Farase de forma individualizada.</p> <p>A atención personalizada relacionada coa Solución de Problemas ten como finalidade orientar ós estudantes na realización e presentación das técnicas ou procedementos ou descrición do caso clínico. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, de forma presencial, ou a través do correo electrónico segundo sexa preciso.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Prácticas clínicas	A62 B24 B22 B20 B19 B16 B15 B14 B13 B12 B11 B10 B9 B8 B7 B6 B5 B3 B1 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	A asistencia ás prácticas clínicas será obrigatoria. Realizarase unha avaliación continuada da adquisición das competencias a través dos criterios ou indicadores establecidos.	50
Solución de problemas	A62 B1 B3 B5 B8 B9 B11 B12 B13 B15 B16 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	<p>Criterios de Avaliacion:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Asistencia obrigatoria. 2. Presentación e estrutura: ata 2 puntos. 3. Claridade na redacción: ata 2 puntos. 4. Capacidade de análise e síntese: ata 2 puntos. 5. Capacidade crítica e achega persoal: ata 4 puntos. 	45



Presentación oral	C1 C3 C12	O traballo realizado durante o rotatorio presentarase obrigatoriamente de xeito oral e empregando apoio audiovisual. Criterios de avaliación (ata 1 punto cada apartado): 1. Emprega terminoloxía científica. 2. Adáptase ó tempo establecido. 3. Exprésase verbalmente con fluidez. 4. Utiliza os recursos tecnolóxicos ó seu alcance para a exposición. 5. Demostra actitude de escoita e respecto polas aportacións dos outros estudantes.	5
-------------------	-----------	---	---

Observacións avaliación

Para poder realizar as prácticas clínicas correspondentes é necesario estar matriculado oficialmente na materia e ter superadas as Estancias Clínicas I y II, III tal e como consta na memoria do título de grao.

A superación da materia queda suxeita a que cada unha das metodoloxías sexa superada polo estudante de forma independente, acadando o 50% da nota máxima posible da porcentaxe que lle corresponde.

Dado que a asistencia ás prácticas clínicas é obrigatoria, as ausencias deberán comunicarse de acordo a normativa xeral do Centro relativa ás Estadías Clínicas. Éstas serán recuperadas ó remate dos rotatorios establecidos, e antes da data de peche das actas. As faltas non comunicadas serán valoradas segundo o especificado na normativa xeral do Centro.

As datas e os horarios nos que cada estudante realizará as prácticas clínicas publicaranse no taboleiro da Escola antes do inicio das mesmas.

O finalizar o periodo de prácticas clínicas os estudantes deberán presentar a a Memoria segundo se especifica no regulamento de Estadías Clínicas.

Avaliación 2ª oportunidade: Dado que a practica clinica e unha actividade presencial, non recuperable, os estudantes so poderán empregar a 2ª oportunidade para recuperar as activiades relativas a solución de problemas.

Adianto de oportunidade e estudantes con matrícula parcial, dado que a practica clínica e unha actividade presencial, non recuperable, non e posible establecer unha avaliación diferente para estes casos.

Fontes de información

Bibliografía básica	A bibliografía básica para esta materia está relacionada fundamentalmente coa especificada nas seguintes materias: Enfermaría Clínica I, II e III.-NANDA Internacional. Diagnósticos Enfermeros: Definicións y Clasificación: 2015-2017. Madrid: Elsevier; 2015. -Moorhead S, Johnson M, Maas ML, Swanson E. Clasificación de resultados de enfermería (NOC). 5ª ed. Barcelona: Elsevier; 2014. -BULECHEK GLORIA M, BUTCHER HOWARD K, DOCHTERMAN JOANN;M,WAGNER;CHERYL M. Clasificación de Intervenciones de Enfermería (NIC). (6ª ed).Barcelona: Elsevier; 2014. -NANDA Internacional. Razonamiento crítico para alcanzar resultados de salud positivos. Barcelona: Elsevier; 2011.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Nutrición/661G01009
Farmacoloxía/661G01011
Ética profesional, marco legal e filosofía do coidado/661G01016
Enfermaría clínica III/661G01017
Enfermaría Xerontolóxica/661G01020
Estancias Clínicas I/661G01025
Estancias Clínicas II/661G01026
Estancias Clínicas III/661G01027
Enfermaría Clínica I/661G01034
Enfermaría Clínica II/661G01035
Fundamentos de Enfermaría/661G01107



Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Practicum/661G01032 Traballo fin de grao/661G01033
Observacións
Tendo en conta o especificado na Memoria do Título é necesario ter superada a materia Estancia Clínica I, II,e III para poder matricularse.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías